



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

En data do 13 de agosto solicitamos información sobre a nova ubicación da sede da Deputación Provincial de Ourense logo de confirmar o presidente provincial que o Pazo Provincial será un hotel balneario.

A día do hoxe, case 6 meses despois, seguimos sen recibir resposta a nosa solicitude incumplindo unha vez máis o principio de “transparencia”, polo que recentemente foi “designado” como o presidente provincial “máis transparente” de España.

Logo do recente anuncio de que a ubicación, nunha primeira fase será “provisional” SOLICITAMOS información sobre cal será esa ubicación “provisional”, así como tamén reiteramos información de cal será a ubicación “definitiva”.

En Ourense, a 4 de febreiro de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE